

ELECCIONS SINDICAIS PSA PEUGEOT CITROËN 2006

Porque t'eres o máis importante



Sec. Sindical PSA PEUGEOT - CITROËN



OS FEITOS NOS AVALAN

Introdución.-

O vindeiro día 27 de Outubro temos unha cita coas urnas para a elección do Comité de Empresa, compañeiros e compañeiras que, compartindo a vida diaria do traballo se comprometen a representarnos na defensa dos nosos intereses.

O futuro laboral afrontarémolo mellor se antes avaliamos o pasado recente; por elo, A C.I.G., antes de pasar a formalizar os seus compromisos, quere render contas ó conxunto dos traballadores/as e, particularmente, aqueles que fai 4 anos depositaron a súa confianza en nós. Deste período non relataremos as innumerábeis xestións que, a título individual, contaron co noso apoio e defensa. A solidariedade na C.I.G. é unha práctica de portas abertas, tal e como corresponde a un membro do Comité de Empresa.

Sinalaremos, pois, algúns dos temas colectivos que representaron, ou pretendían, un cambio nas nosas condicións de traballo.

10 Minutos.-

A Dirección acorda coa maioría do Comité de Empresa o recorte dos 10 minutos de descanso que tódolos traballadores de Montaxe tiñan pagados.

Medida que sendo rexeitada pola práctica totalidade dos traballadores/as afectados, contou co apoio e defensa da C.I.G.; unha protesta serea e firme, onde os afectados/as, por dignidade, estivemos deica o último minuto durante 8 meses, defendendo un dereito que afecta á saúde.




6 horas.-

Simultaneamente coa loita polos 10 minutos, a Dirección pretendía que os traballadores/as de contrato a Tempo Completo de 6 horas na Quenda de Noite, foxen tamén moeda de cambio para que aceptásemos o recorte dos 10 minutos. A oferta da Dirección era pasar ó día, nun prazo de 3 anos e mudándolles os contratos a Tempo Parcial polo de 6+2.

A C.I.G. non so non aceptou o “troco”, senón que ademais, habendo un compromiso de que estes traballadores tiñan que estar pasando para o día, na medida que houberse prazas de xubilados, (e xa os había), apoiou a este colectivo na súa xusta reivindicación para que nese mesmo ano se dera o proceso do seu pase a contratos de 8 horas. Logo que estes traballadores/as lograran a súa xusta reivindicación apareceron moitos padriños.

Convenio 2004-2007.-

A C.I.G., como Sindicato Galego, ten como principal cometido a defensa da creación de emprego no País e neste caso na nosa Comarca, por elo veu apoiando todas aquelas medidas que favorezan os investimentos e o crecemento do noso sector, como son as propias infraestruturas viarias, chan industrial, etc. Neste contexto, o Convenio Colectivo 2004-2007 e o Plan Industrial exposto nesta negociación foi un factor determinante para que o conxunto dos nosos afiliados decidiran que se asinara. Estabamos apostando polo futuro.




O noso traballo responsable e de compromiso na creación de emprego, non implica que non sexamos, ó mesmo tempo, esixentes na defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras;

por elo, a C.I.G. non mira para outra parte á hora de esixir que se deserre calquera tipo de discriminación, sexa en materia de emprego, promocións, ou calquera outra materia. Nestes catro anos, a C.I.G., non silenciou ningunha destas prácticas.


Descansos Pintura.-

Pintura foi o Taller que seguiu os pasos de Montaxe en canto ó recorte dos descansos; neste caso foron 47 minutos. A C.I.G. non deu diferente trato a un traballador/ra de pintura e a un de montaxe; aquí tamén nos esforzamos por documentar e razoar ante os afectados e ante a Dirección o que representaba para a saúde estes recortes. Finalmente a maioría do Comité asinou uns acordos comparativamente inferiores ós de Montaxe.




Loxística Alternativa.-

A implantación da Loxística Alternativa foi unha novidade. A C.I.G. fixo seguimento dos Módulos onde se implantou, realizando un estudo a pé de posto. Houbo exemplos nos que se evidenciaron graves carencias; algunhas se corrixiron, outras, como espazos, saídas de evacuación de liña, etc., seguen pendentes de solución.



Filmacións.-

A C.I.G. tampouco estivo indifereente coa chegada da nova técnica de filmar ós traballadores/as para logo sentirse corresponsables



duns Repartos irrealizables. Informouse tanto por escrito como en asembleas de bocadillo para que os operarios foran coñecedores tanto do fin que se perseguía (recorte de tempos), como no dereito que cada un ten a non ser filmado.

Trazabilidade.-

Outra novidade que como “experiencia piloto” se nos presentou, a Trazabilidade, pretendía que os propios traballadores/as fiscalizasen as súas paradas ou as súas ausencias do posto e, ademais, sen pagar dita xestión. A C.I.G tampouco meteu a cabeza debaixo da á. Apesares de que a Xerarquía do Taller dicía que os sindicatos “estábamos de acordo”, a nosa postura foi moi clara, tanto diante dos traballadores/as, neste caso de Montaxe, como da propia Dirección. A Trazabilidade quedou arrinconada, ¿quizais esperando a que pasen as eleccións sindicais?.



Días de Montaxe (marzo 06).-

A Dirección quixo mercar os 3 días que os traballadores de Montaxe teñen para goce individual, así como restrinxirles os mecanismos para concederllos. A C.I.G., respectando o dereito individual, fixo ver a todos, mediante un boletín comparativo, en que consistían estas diferenzas, ó tempo que pedía que non se vendera o descanso.



Rendementos e Tempos.-

Dende que naceu a produción encadeada estamos seguros que para os Representantes dos traballadores, na súa actividade diaria, figura a problemática das cargas de traballo.

Os Delegados da C.I.G. non so estivemos como sempre a pe de posto facendo un seguimento, sexan cargas excesivas, recortes de tempo, malas composicións, calificacións de posto.. etc. Neste período a C.I.G. sumou máis 350 reclamacións, cifra que da unha idea da nosa preocupación por toda esta problemática.

O control e seguimento da velocidade da cadea, fose en Montaxe, Masillas ou Habillaxe, tamén é unha xestión frecuente. Aí seguen estando os Delegados da C.I.G. en solitario avisando diariamente (cando procede) os compañeiros/as de Montaxe dos coches que se perden por paradas alleas os traballadores, para evitar así que se altere a velocidade.



Quenda de Noite.-

A participación da C.I.G. na creación desta quenda, coas súas condicionantes, non nos fixeron perder de vista que estas particularidades serviran como un baúl de xastre, no cal todo vale. Para a C.I.G., se ben fomos quen de conseguir algunhas melloras como, os descansos arrimados á fin de semana, recoñecementos médicos en horas de traballo, retribución mínima en caso de avaría, entrega de repartos, etc..., seguen quedando temas importantes como son os abusos que, con demasiada frecuencia, se cometen sexan cambios horarios repentinos, alongamentos de xornada ou outras conculcacións que sofren os traballadores/as desta quenda, en particular os Eventuais por seren máis vulnerables.

Na noite tamén esta o maior colectivo de traballadores fixos de 4 horas. Un colectivo que ven loitando para pasar a contratos de 8 horas.




Loita xustificada, se temos en conta o volume de persoas que se veñen xubilando. A C.I.G., non vendo unha razón obxetivale contraria a este proceso, ven mostrando o seu total apoio para con este colectivo.

Saúde Laboral.-

Tódolos traballadores/as saben que na C.I.G. sempre houbo unha gran sensibilidade polos problemas de saúde no traballo. De aí que nos esforzásemos por que os nosos Representantes en Prevención teñan a maior formación continua nesta materia.

Estamos seguros que neste período, a C.I.G. dende a colaboración e a crítica construtiva, contribuíu a que os traballadores/as teñamos unha visión máis comprometida coa protección da nosa Saúde no traballo. Hoxe xa todos sabemos que a máxima non era “adaptar a persoa o posto” senón o posto a persoa.

A C.I.G., no campo da Ergonomía, realizou estudos nos talleres, por ser unha das disciplinas na que descansa o poder evitar lesións física a curto ou medio prazo. As enfermidades profesionais que hoxe coñecemos grazas a nosa insistencia, non son un dato o que nos debamos acostumar, todo o contrario, debe servir para redobrar os esforzos de tódalas partes implicadas, e lograr algún día o que a propia Lei pretende, “..que o traballo non pode representar un risco para as persoas”. Nesa dirección esta a C.I.G. .




Limitados.-

Un capítulo delicado como importante. O traballador/a que é a primeira persoa en lamentar a súa limitación non se pode atopar nun labirinto “ que si non hai posto para ti” “que si o taller X non o quere, porque dificulta os obxectivos etc.” . Xa sabemos que o risco de limitación está en quen traballa e non en quen manda, pero non por elo se pode evadir a

corresponsabilidade que todos temos en buscar solucións, e non engadir un problema psicolóxico. A C.I.G. levou sempre este tema con moita sensibilidade. Falamos de persoas, como aquelas que, por soportar maiores ritmos de traballo, adquiriron limitacións que lles obrigaron a xubilarse antes da idade normal. Non esquezamos o dato dese 10 % de persoal que deixa a fábrica con unha pensión por invalidez.

Sabemos que os postos con autonomía ou de menor esforzo físico ou psíquico van diminuindo, por elo a C.I.G. defende unha visión global da planta para buscar solucións, e o faremos con toda a forza da razón engadida que nos da observar como postos propios para este persoal veñen sendo ocupados por determinado persoal de novo ingreso.




Información.-

Neste período publicamos 16 boletíns e 360 follas informativas, realizando Asembleas de bocadillo, en momentos puntuais.



Documentos do Grupo asinados.-

Neste período e previo debate da Sección Sindical foron asinados pola Federación do Metal da C.I.G. os seguintes documentos: “ Código Ético; Igualdade Home-Muller; Medidas de protección contra a violencia de xénero; Apoio laboral as mulleres enbarazadas ou en Período de Lactancia; Acción Sindical; Condicións de Traballo; Acordo Mundial sobre a Responsabilidade Social do Grupo, e recentemente Acordo sobre a Diversidade.



CANDIDATURA O COMITE DE EMPRESA



Henrique Pérez González
Ferraxe "C"



Manuel Domínguez Delgado
Montaxe "A"



Xosé L. Portabales Magariños
Montaxe "B"



Miguel A. Dapia Alonso
Montaxe "A"



Xosé L. Labrador Fernández
Montaxe "B"



Fernando Silva Chapela
Ferraxe "C"



Manuel Maquieira Costas
Montaxe "Noite"



Ernestina Rodríguez Pastoriza
Ferraxe "A"



Víctor M. Mariño Fernández
Montaxe "B"



Marco González Vilar
Ferraxes "Noite"



Xesús Bermúdez Curros
Montaxe "A"



Celso Juste Rúa
Montaxe "B"



Diana García Rodríguez
Montaxe "A"



Ramón Sánchez Ferreira
Portas "B"



Daniel Cabaleiro Castro
Masillas "A"



José M. Cabaleiro Fernández
Ferraxes "B"



Óscar Toucedo Costas
Ferraxes "Noite"



M^a Asunción Gómez Martínez
Montaxe "B"



Serafin De La Fuente González
Portas "A"



Víctor Martínez Alonso
Montaxe "Noite"



Alberto Covelo Fernández
Montaxe "A"



Loreto Fernández Pedrosa
Ferraxes "B"



Miguel Pérez González
Ferraxes "A"



Luisa Calván Enriquez
Montaxe "Noite"



Fernando Méndez Alcaine
DKD's "C"



José Agustín Losada Rodríguez
Ferraxes "B"



Marcial Rodríguez Fernández
Pintura "A"



Gloria Carrera Bernárdez
Fin de Liña "B"



Camilo Alonso Alonso
Portas "A"



Oscar García Abalde
Masillas "B"



José M. García Dorelle
Montaxe "A"



Óscar Rey Rodríguez
Motores "B"



Miguel A. Vázquez Escudero
Ferraxes "A"



Cristina García Gómez
Montaxe "Noite"



David Lago Trincado
Pintura "B"



Jesús Casal Piñeiro
Ferraxe "Noite"



Manuel Iglesias Bouzón
Ferraxe "B"



Delfín Lorenzo Rodríguez
Montaxe "A"



Sonia Alonso Alonso
Montaxe "B"



Antonio Martínez Álvarez
Ferraxe "Noite"



Isabel Alonso Caride
Fin de Liña "A"



Víctor da Lama Novoa
Ferraxe "Noite"



David Táboas Malvido
Ferraxe "B"




Francisco Veiga Rodríguez
Ferraxes "A"

Porque ti eres o máis importante

PROGRAMA

Aínda que o papel o aguanta todo, para a C.I.G. os traballadores/as nos merecen o máximo respecto, por iso non teñiremos o noso Programa nin con posicións panfletarias e demagóxicas nin con promesas de tómbola




O programa da C.I.G. é un CONTRATO que contraemos cos traballadores e traballadoras que decidan darnos a súa confianza. Como aval non regalamos nada, so podemos ofrecer o traballo realizado polos homes e mulleres que aceptaron o reto de defender os seus compañeiros e compañeiras.

En consecuencia a C.I.G. comprométese:

FUTURO INDUSTRIAL.-

Seguir apostando porque a noso Centro de traballo siga evolucionado na dirección destes últimos anos de favorecer unha maior integración dos nosos produtos tanto na Planta como na Comarca.



EMPREGO.-

A Calidade de vida a que toda persoa ten dereito na sociedade, esta inexorablemente unida o emprego, por elo, seguirá sendo un cometido prioritario da nosa Acción Sindical, o reducir a eventualidade fomentando os contratos indefinidos, neste sentido faise necesario alcanzar un acordo para que neste proceso de renovación do cadro de persoal os fixos de 4 horas, simultaneamente e por orden de antigüidade, ocupen as vacantes dos xubilados, e dicir contratos de 8 horas.



PROMOCIÓN.-

Hoxe en día son moitos os traballadores/as con formación cualificada (FP e outras titulacións, incluso licenciaturas) que non son tidas en conta nas promocións internas de fábrica. Nesto e sentido a C.I.G. considera fundamental que estas persoas poidan desenrolar aquelas funcións que lles permitan non so un enriquecemento profesional senón a súa mellor contribución o proceso industrial, so así se lle dará sentido os recursos que tanto no terreo educativo como no formativo ben realizando o conxunto da Sociedade para que as novas xeracións contribúan a un maior desenvolvemento económico e social.



RENDEMENTOS E TEMPOS.-

Para a C.I.G. seguira sendo un obxectivo o universalizar a entrega de repartos en todos os talleres, ademais de esixir que o traballador sexa informado previamente de calquera modificación nas súas tarefas, así como ser atendida calquera reclamación na semana seguinte de ser formalizada a discrepancia.



SAÚDE LABORAL.-

A C.I.G. por entender que a Saúde no traballo e fundamental na tarefa sindical, manterá o seu compromiso de seguir informando e defendendo a cada traballador/a por evitar que a súa vida laboral lle repare unha patoloxía na súa persoa.

QUENDA DE NOITE.-

Para a C.I.G., a quenda de noite ten que evolucionar cara un equilibrio entre as necesidades industriais e a conciliación familiar e social dos traballadores e traballadoras. Para lograr este equilibrio, é necesario lograr:

Un calendario laboral estable, unha regularización nos horarios de traballo, que a retribución do sexto día como festivo sexa completa, que a conciliación familiar se aplique dentro da mesma quenda, que o persoal fixo a tempo parcial pase a cubrir, simultaneamente, as vacantes dos xubilados cun contrato de 8 horas e por orde de antigüidade, etc...



SOCIAL.-

Dentro deste apartado son moitos os temas que de maior ou menor entidade veñen estando nas nosas reivindicacións, como poden ser:


.-a incorporación da muller en tódalas funcións da organización do traballo na Planta.

.-que a conciliación familiar se poida dar nas tres quendas, non só nas de día

.-fomentar o transporte colectivo en igualdade de condicións para todos os traballadores/as.

.-habilitar un aparcamento que cubra as mínimas necesidades que temos os traballadores e traballadoras.

.-crear ou concertar con entidades públicas garderías de cativos.



CULTURA.-

O Idioma é un patrimonio da humanidade. A C.I.G. é o único Sindicato con representación no Comité que segue aportando o seu grao de area na súa defensa. O idioma forma parte da autoestima individual e colectiva dos/as galegos/as. De nada vale que nos digan que somos os mellores traballadores/as se renunciámos ós sinais de identidade. As linguas son como o medio ambiente que, con independencia do estatus social que ocupemos, todos temos o deber de conservala.



Acción Sindical.-

ÉTICA.-

Finalmente os Delegados da C.I.G., reiteramos o noso compromiso de conduta de non discriminar a ninguén que demande a nosa atención, seguiremos fieis a nosa regra básica de comportamento de non vulneración da Igualdade de Oportunidades, nas nosas mochilas sindicais onde figuran os problemas dos traballadores/as non poden caber os agasallos nin beneficios persoais ou profesionais.

O noso compromiso de seguir defendendo os traballadores/as dentro dunha conduta eticamente responsable e digna é que hoxe a C.I.G. revalida ante todos os que desexen depositar a súa confianza na nosa candidatura.

Son as condutas dos que vos estiveron representando as que deben ser examinadas por todos vos, para que dende a independencia e a obxectividade emitades a vosa nota.

MANIFESTO

Ás portas dunhas novas eleccións sindicais en Citroën, nós, os xubilados afiliados á CIG, con 30 ou 40 anos de traballo as nosas costas, queremos facer unha aportación na defensa dos compañeiros e compañeiras que, durante tantos anos tiveron a responsabilidade da difícil loita sindical.

En todo este tempo fomos testemuñas:

- da firmeza e valentía coa que encararon os graves problemas ós que nos enfrontamos unha grande maioría do persoal de Citroën;
- da defensa intransixente dos dereitos de todos os traballadores e traballadoras;
- da honestidade persoal dos nosos representantes;
- da cordura coa que encararon todo tipo de decisións, analizando con responsabilidade o efecto global sobre o persoal, fuxindo dun irresponsable aventurismo;
- do compromiso con todos os traballadores e traballadoras sexan quen sexan.

Porque somos testemuñas, fomos actores ou afectados por todo o proceso sindical vivido ata aquí, certificamos que o voto á CIG é o voto con máis rendibilidade social.

O apoio a esta candidatura pois, supón garantir un traballo sindical con máis forza para o futuro, o voso futuro.

¡Non te arrepentirás de votar á CIG!

Asdo: Xubilados Parciais



Acto de recoñecemento ós afiliados pensionistas

A PRIMEIRA FORZA SINDICAL DA PROVINCIA

- Defendemos tódolos postos de traballo
- Loitamos polo dereitos laborais
- Denunciamos a desigualdade e o acoso
- Reivindicamos a nosa Terra
- Participamos día a día
- Deixamos falar e escoitamos
- Facemos da solidariedade un traballo
- Buscamos unha Galiza mellor

En definitiva :

PARA A C.I.G. ERES O MAIS IMPORTANTE

VOTA C.I.G.

